



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE FEBREIRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo Proxecto de reformulación do Proxecto de acondicionamento da estrada AC-566. Treito: Valdoviño-Cedeira, de clave AC/18/040.10.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de trescentos trinta e sete mil trinta e nove euros (337.039 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para establecer que o importe dos pagamentos anticipados alcance o 80 % do importe da subvención concedida, en relación coa Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio dixital de Galicia, e se realiza a súa segunda convocatoria para os anos 2020-2021, cofinanciada co Fondo europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe de setecentos cincuenta mil euros (750.000 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao Convenio subscrito o 31 de maio de 2018 entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade empresarial Adif-Alta Velocidad, para a execución dos

accesos e nova vialidade urbana do contorno da estación intermodal de Vigo, por importe de vinte e un millóns catrocentos mil cento setenta e nove euros con vinte e dous céntimos (21.400.179,22 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés e os concellos integrantes da mancomunidade para actuacións de mellora paisaxística e de promoción do Xacobeo 2021 no Camiño Francés, por importe total dun millón trinta e oito mil oitocentos euros (1.038.800 €).
- Acordo polo que se declara municipio turístico o Concello de Folgoso do Courel (Lugo).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a declaración da área de rehabilitación integral da Ribeira Sacra.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o inicio do procedemento para a aprobación do Proxecto terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña como proxecto público de urxencia ou excepcional interese, segundo o previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a economía social en Galicia no ano 2019 e as accións programadas para 2020.
- Informe sobre o convenio de colaboración entre o Sergas e a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) para impulsar o uso da madeira nas consultas de Pediatría.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe final do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia – ano 2019.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA QUE UNE VALDOVIÑO E CEDEIRA, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 4,6 MILLÓNS DE EUROS

- *O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 136 predios necesarios para intervir en preto de 4 quilómetros da estrada autonómica AC-566*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé proceder ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo trimestre do ano 2020*
- *As intervencións permitirán o ensanche e reforzo de firme da estrada actual nun total de 2,11 km, a rectificación de curvas e carril adicional de circulación en 1,86 km, e a instalación de refuxios novos nas paraxes de autobús*
- *A actuación enmárcase na estratexia da Xunta de mellora da mobilidade no norte da provincia da Coruña, como a executada na AC-100 en Mañón, e avanzando nos plans da 1ª fase da AC-862 e no tramo AG-64-A Sanguíñeira na VAP da Costa Norte*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras de acondicionamento da estrada de Cedeira, ao seu paso polo concello de Valdoviño.

O orzamento estimado desta nova intervención impulsada polo Goberno galego ascende a máis de 4,6 millóns de euros, no cal se inclúe o pagamento das expropiacións dos 136 predios necesarios para esta actuación.

A consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé o levantamento de actas previas e a licitación das obras no segundo trimestre de 2020.

Trátase da reformulación do proxecto de acondicionamento de preto de catro quilómetros da estrada AC-566, no treito Valdoviño-Cedeira, entre os puntos quilométricos 13+100 e 17+070.

Máis en detalle, a actuación iníciase no punto quilométrico 13+100, unha vez superado o núcleo de Valdoviño, e ao longo dos dous primeiros quilómetros prevese realizar unha mellora do trazado existente.

Para iso, incrementarase a plataforma mediante a inclusión de carrís adicionais para adiantamento seguro entre os puntos quilométricos 0+100 e 0+810 en sentido directo e dos puntos quilométricos 1+150 ao 1+625 en sentido inverso.

Entre os puntos quilométricos 1+919 e 2+535 mantense o trazado existente coa finalidade de minimizar as afeccións á canteira e á valgada que conforma este subtreito. Tamén se rectificará a curva existente a carón da canteira sita no punto quilométrico 1+800.

A intervención continuará entre os puntos quilométricos 2+535 e 3+635, onde se acometerá unha mellora do trazado mediante a rectificación das curvas existentes a ampliación de raios

a un valor mínimo de 130 metros. Tamén se engadirá un carril adicional en sentido inverso entre os puntos quilométricos 2+900 e 3+600.

A continuación, ata o punto quilométrico 3+970 mantense o trazado actual, xa que nesta zona existen numerosas edificacións en ambas as marxes do treito.

Deste xeito, as actuacións proxectadas polo departamento de Infraestruturas da Xunta permitirán o ensanche e reforzo de firme da estrada actualmente existente nun total de 2,11 km, así como a rectificación de curvas e o aumento da sección con carril adicional de circulación de 1,86 km da vía.


Finalmente, instalaranse refuxios novos nas paraxes de autobús.

Esta actuación enmárcase na estratexia da Xunta de Galicia para a mellora da mobilidade de todo o norte da provincia da Coruña, con actuacións xa executadas, como o acondicionamento da AC-100 en Mañón, cun investimento de 1 millón de euros.

A estas intervencións súmase o proxecto 1ª fase de acondicionamento da AC-862, San Sadurniño-Ponte Mera, sometido a información pública en outubro do pasado ano e cuxo proxecto de construción se está ultimando para aprobar as expropiacións e licitar as obras.

E tamén se avanza no proxecto na vía de altas prestacións da Costa Norte, na cal se está a preparar o sometemento a información pública do proxecto reformulado do treito AG-64 – Sanguineira.

No seguinte plano amósase a zona da actuación:



A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN CO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA NA ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio para levar a cabo un programa de atención a mulleres vítimas e do seu contorno familiar, e outro destinado a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar***
- ***A colaboración tamén inclúe a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de mortes ou agresións por causa de violencia de xénero***
- ***Desde 2009 beneficiáronse destas actuacións 4.583 mulleres, 1.606 menores e 908 homes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, un programa que conta cunha achega de 302.439 euros. O convenio tamén recolle o programa Abramos o círculo, de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de 34.600 euros.

Entre os dous programas suman un orzamento total duns 337.000 euros, dos cales 100.000 se corresponden con fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. En ambos os casos, o obxectivo é ofrecer recursos terapéuticos especializados que abran vías de recuperación ante a situación de violencia ou ben, no caso dos homes, cando recoñezan ter problemas de control das súas actitudes violentas. Os dous programas contan cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención e, de feito, o acordo comprende en ambos os casos a realización de actividades formativas para os psicólogos.

As contías recollidas neste convenio destínanse a financiar os medios persoais e materiais para a cobertura de asistencias a consultas que vaian realizar as persoas beneficiarias, a asistencia oral en xuízo por parte dos psicólogos desta iniciativa, así como a coordinación do programa. Tamén recolle outros gastos como desprazamentos, material funxible, telefonía móbil, gastos administrativos e formación.

Ademais, no caso das mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, inclúese desde 2014 a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte ou agresións especialmente graves por violencia de xénero, sempre que sexa preciso, en coordinación co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) e coa colaboración do Centro Autonómico de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias. Desde que se puxo en marcha o servizo en 2014, activouse en 17 ocasións, en concreto, en 15 asasinatos e en 2 agresións graves con menores implicados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Desde o ano 2009, beneficiáronse do programa de atención psicolóxica 4.583 mulleres e 1.606 menores, e 908 homes do programa Abramos o Círculo, ambos articulados a través deste convenio.

A XUNTA ABRE UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA QUE ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS SEN FINS DE LUCRO DIXITALICEN FONDOS PATRIMONIAIS

- **Contan cunha dotación de 750.000 euros e enmárcanse nas medidas da Memoria dixital de Galicia**
- **A primeira convocatoria beneficiou a unha vintena de proxectos de concellos, institucións e fundacións cun importe de 712.000 euros**
- **O obxectivo é consolidar un fondo documental dixitalizado accesible desde o portal Galiciana.gal**

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), abre unha nova convocatoria de axudas para facilitar a dixitalización de fondos patrimoniais a entidades públicas e organizacións privadas sen fins de lucro. O Consello do Goberno galego aprobou hoxe esta medida enmarcada na Memoria dixital de Galicia, a iniciativa para consolidar un fondo dixitalizado do patrimonio material e inmaterial galego, que se albergará no CPDI do Gaiás, asegurando a súa conservación e a súa accesibilidade desde calquera lugar do mundo, a través do portal Galiciana.gal.

Esta segunda liña de axudas, que contan cun importe total de 750.000 euros, están destinadas á dixitalización de fondos documentais en soporte papel (publicacións seriadas, manuscritos, mapas, material gráfico como fotografías, gravados, carteis, debuxos, monografía e folletos, e partituras, partituras anotadas ou manuscritos de música). Con esta nova convocatoria son xa máis de 1,4 millóns de euros públicos os destinados a facilitar a dixitalización de fondos patrimoniais.

Subvencións de ata 90.000 euros

A convocatoria, que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días, subvencionará proxectos cun importe mínimo de 10.000 euros e máximo de 90.000 euros. As entidades beneficiarias recibirán un anticipo do 80 % da subvención concedida este ano e o 20 % restante en 2021, unha vez acreditado o remate dos traballos de dixitalización. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte á súa publicación no DOG.

As axudas están dirixidas aos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma, entidades locais, e entidades delas dependentes, universidades públicas e o Consello Galego de Universidades, entidades privadas sen fins de lucro que dispoñan de activos do patrimonio cultural de Galicia, reais academias e as academias de Galicia, oficialmente establecidas e recoñecidas.

Vinte proxectos de dixitalización en 2019

Da primeira liña de axudas beneficiouse unha vintena de entidades cun importe total de 712.000 euros. Todos estes recursos, unha vez dixitalizados, estarán accesibles este ano desde o portal Galiciana, a porta de entrada a todos os fondos dixitais das bibliotecas, arquivos e museos de Galicia cuxos contidos irán aumentando a medida que se desenvolvan as actuacións previstas na Memoria dixital de Galicia.

Iniciativas en marcha

Xunto con esta liña de axudas, a Memoria dixital de Galicia aséntase noutras iniciativas, xa en marcha, vinculadas á dixitalización e difusión do patrimonio cultural galego. Unha delas é o portal Galiciana.gal, que se puxo en marcha coa vocación de converterse na porta de acceso a todos os fondos dixitais das bibliotecas, arquivos e museos de Galicia.

Galiciana xa facilita a consulta de máis de 310.000 obxectos dixitalizados de 10 coleccións procedentes de fondos xestionados pola Xunta e doutras entidades como as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, da Real Academia Galega e do Instituto de Estudos Padre Sarmiento.

Tamén se está a desenvolver o proxecto transfronteirizo Geoarpad, liderado pola Xunta, en colaboración con outros 12 socios de ambos os lados da fronteira para dixitalizar e xeolocalizar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e do norte de Portugal co fin de facilitar a súa difusión, así como o seu aproveitamento en sectores como o turismo, a investigación ou a educación.

Ademais, publicouse o novo portal de toponimia de Galicia. Actualmente, o Nomenclátor de Galicia conta con 41.409 topónimos e nos últimos dez anos recolléronse preto de medio millón de microtopónimos na terceira parte do territorio galego. Á publicación do portal súmase a creación dunha aplicación para que a cidadanía poida colaborar na recolla destes topónimos.

Memoria dixital de Galicia

A Memoria dixital de Galicia é unha estratexia impulsada desde o ámbito público, a través da Consellería de Cultura, Educación Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), en colaboración coa sociedade galega e con todos os axentes implicados na xestión do patrimonio cultural galego, baixo a denominación das institucións da memoria, entre os cales están o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento ou as universidades públicas galegas.

Con esta iniciativa Galicia aposta polo establecemento de sinerxías e modelos colaborativos entre as entidades públicas, privadas e calquera axente con responsabilidade no patrimonio cultural para acadar o maior nivel de catalogación, preservación e difusión, independentemente da súa localización ou propiedade.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA DUPLICAR A ACHEGA AUTONÓMICA AO FINANCIAMENTO DOS ACCESOS DA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO, QUE SE ELEVA ATA 3,4 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Goberno galego autoriza a addenda ao convenio do Goberno galego con Adif e o Concello de Vigo para ampliar o alcance das actuacións proxectadas***
- ***Ademais dos túneles de acceso á estación intermodal, executarase a urbanización dos espazos intersticiais e o núcleo de comunicacións, así como a urbanización da praza da estación***
- ***A Xunta avanza nas obras da terminal de autobuses integrada na nova estación intermodal, que xa se está a executar e que co incremento da achega autonómica ao financiamento dos accesos, acada case os 18 M€ de investimento***
- ***A sinatura da addenda permítelle ao Concello de Vigo adxudicar as obras que lle corresponde executar, xa en licitación, no túnel entre a rúa Lepanto e a AP-9***
- ***A intervención da Xunta nos núcleos de comunicacións intermodal e a do Concello na urbanización dos espazos intersticiais e da praza da estación están en fase de proxecto, coa previsión de iniciar as obras neste mesmo ano***
- ***O Goberno galego está a apostar con determinación pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte***

O Consello da Xunta acordou hoxe duplicar a achega económica autonómica para a execución dos accesos da estación intermodal Vigo e Vialia, o que suporá un investimento conxunto de 21,4 millóns de euros. Isto comportará que a achega económica da Xunta de Galicia pasará de 1,7 millóns a máis de 3,4 millóns de euros.

O Goberno galego autoriza a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a sinatura da addenda ao convenio subscrito o 31 de maio de 2018 co Concello de Vigo e a entidade empresarial ADIF, tras constatar a suba dos custos da estimación inicial, unha vez finalizados os proxectos construtivos, pola conveniencia de aumentar o alcance das actuacións proxectadas.

Na addenda ao convenio autorizado hoxe polo Executivo galego incorpóranse as novas actuacións que mellorarán o conxunto intermodal, como a urbanización dos espazos intersticiais e o núcleo de comunicacións intermodal, así como a mellora da urbanización da praza da estación. A finalización das actuacións prevese para o ano 2021.

As obras propostas no conxunto intermodal planificado en Urzaiz permitirán así comunicar o Centro Vialia, a estación de ferrocarril e a nova estación de autobuses coa súa contorna urbana inmediata, co obxecto de facilitar os desprazamentos.

Avanzando na intermodalidade

En febreiro de 2019, licitáronse os contratos para a obra da terminal de autobuses integrada na nova estación intermodal de Vigo e a parte dos accesos e dos túneles que chegan ata

ela, cun orzamento de case 16 millóns de euros e cofinanciado nun 80 % con cargo ao fondo europeo Feder 2014-2020.

Estas obras na terminal de autobuses de Vigo iniciáronse en outubro do 2019 e dispoñen dun prazo de execución estimado de 18 meses.

Coa aprobación hoxe do incremento da achega autonómica ao financiamento dos accesos, o investimento na estación intermodal de Vigo acada case os 18 millóns de euros.

En paralelo, as obras do centro Vialia, que inclúe a zona de embarque da estación de ferrocarril, iniciábanse a principios do ano 2019, coa previsión de executalas nun prazo de 24 meses.

Coa sinatura da addenda do convenio, o Concello de Vigo poderá tamén contratar a execución da parte dos accesos no túnel entre a rúa Lepanto e a AP-9, cofinanciados pola Xunta de Galicia, o Concello e Adif, e cuxa obra está xa en licitación.

Complétanse as actuacións incluídas na addenda coa execución por parte da Xunta de Galicia dos núcleos de comunicación intermodal, e por parte do Concello de Vigo da urbanización dos espazos intersticiais e da praza da estación. Estas intervencións están en fase de proxecto e a previsión é inicialas neste mesmo ano.

Unha vez executados os accesos á futura estación de autobuses, á estación de ferrocarril e ao Centro Vialia axilizarase para o usuario o intercambio modal e dotarase o Concello de Vigo dunha mellora nas prestacións ofrecidas aos cidadáns e, en xeral, para os usuarios, ao se eliminaren obstáculos.

O Goberno galego está a apostar con determinación pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

Cómpre lembrar que precisamente no marco do convenio suscrito o 31 de maio de 2018, o Consello da Xunta aprobaba en outubro dese mesmo ano o proxecto conxunto da estación intermodal de Vigo e os seus accesos, o que posibilitaba a súa execución a pesar da falta de plan xeral de ordenación municipal na cidade. Isto foi posible grazas á súa tramitación segundo a Lei 3/2016, o que permitiu licitar as obras da nova estación de autobuses e os accesos, así como iniciar a execución do Centro Vialia.

A XUNTA IMPULSARÁ MEDIDAS DE SUSTENTABILIDADE NO CAMIÑO FRANCÉS ANTE O XACOBEO 2021 CUN INVESTIMENTO DE 1M €

- *O Consello aproba un acordo coa mancomunidade formada polos 11 concellos desta ruta para acometer accións de embelecemento e dinamización*
- *Realizaranse actuacións de mellora paisaxística, supresión de elementos deteriorados ou abandonados ou mellora do patrimonio etnográfico*
- *Trátase da ruta que concentra maior número de peregrinos, seis de cada dez, tras recibir o ano pasado preto de 190.000 camiñantes, un 2 % máis*
- *Enmárcase no Plan estratéxico do Xacobeo 2021, que busca ofrecer unha mellor acollida e contribuír a unha Galicia máis verde e un rural máis próspero*

A Xunta investirá nos dous próximos anos máis dun millón de euros no Camiño Francés, o itinerario máis transitado, para potenciar a súa sustentabilidade no marco do Xacobeo 2021. O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio coa mancomunidade que integran os 11 concellos desta ruta para acometer neles un amplo abano de accións de mellora. Os municipios que se beneficiarán destas medidas serán os de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

Declarado como primeiro itinerario cultural europeo e patrimonio da humanidade, o Camiño Francés é a ruta que concentra o maior número de peregrinos, preto de seis de cada dez, tras recibir o ano pasado cerca de 190.000 camiñantes, un 2 % máis. Así pois, e coa finalidade de avanzar na súa preservación, o Goberno autonómico porá en marcha unha batería de actuacións, que terán unha forte incidencia no rural e no interior.

A primeira delas posibilitará, por unha banda, acometer intervencións de mellora paisaxística e de embelecemento. Entre as que se levarán a cabo destacan accións de valorización, consolidación ou restauración dos bens que integran o patrimonio etnográfico. Ademais, traballarase sobre elementos con forte impacto visual neste itinerario e suprimiranse elementos en desuso ou abandonados sen interese patrimonial ou paisaxístico.

Valados, cables ou colectores

Tamén se levarán a cabo iniciativas de mellora nos puntos en contacto co trazado como valados ou pavimentos, actuacións de desentullo e limpeza de lixo ou substitución de elementos de mobiliario urbano deteriorados ou en mal estado como marquesiñas, cables ou colectores. O obxectivo destas actuacións é ofrecer a mellor versión de Galicia ante os preto de 200.000 peregrinos que percorren anualmente esta ruta, contribuíndo tamén a unha Galicia máis verde e próspera para todos os galegos.

En paralelo, desenvolveranse actividades culturais e turísticas que contribúan á divulgación do Xacobeo 2021, así como a mellorar a acollida dos peregrinos.

Ordenanzas locais coordinadas

Outra iniciativa que se levará a cabo ao abeiro deste acordo permitirá a contratación dun técnico que traballará na uniformación das ordenanzas locais relativas a asuntos como a venda ambulante, o embelecemento ou a sinalización. Tamén se desenvolverán diferentes actuacións como o desenvolvemento dun destino que opte ao recoñecemento SICTED de calidade turística ou tarefas de xestión.

O acordo abrangue, así mesmo, accións anuais de promoción do Xacobeo 2021, que se executarán de xeito conxunto nos municipios polos cales pasa o Camiño.

Plans en marcha

A través desta medida, o Goberno galego dá un novo paso adiante seguindo a folia de ruta establecida no Plan estratéxico do Xacobeo 2021 co fin de facer desta unha celebración sustentable e perdurable. Neste eido, e co obxectivo de que os distintos trazados cheguen ao Xacobeo 2021 no mellor estado posible, púxose en marcha o Plan de mantemento, a través dun investimento de 15,6 M €, dos cales se reservaron 1,7 M € para o Camiño Francés. A este proxecto súmaselle, entre outros, o Plan de sinalización, cun importe total de máis de 12 M €. No caso do Camiño Francés, investíronse máis de 750.000 euros.

Ademais, o Goberno galego aprobou o pasado outono o Plan de albergues, cun investimento de máis de 7 M €, que prevé a creación de oito novos establecementos da rede pública a través da rehabilitación de edificios históricos en distintas rutas. Inclúe, igualmente, a realización de actuacións de mellora na rede pública para ser máis accesible e sustentable. Neste caso, o Camiño Francés é a ruta cun maior número de albergues públicos, un total de 22, que ofertan 1.618 prazas. En paralelo, a Xunta ten en marcha un Plan de embelecemento con máis de 1,2 M € para financiar máis dun cento de actuacións de mellora paisaxística ao longo dos diferentes itinerarios a cargo de concellos e particulares.

A XUNTA DECLARA MUNICIPIO TURÍSTICO FOLGOSO DO COUREL, NA COMARCA RURAL ONDE MÁIS MEDROU O TURISMO EN 2019

- ***O recoñecemento aprobado polo Consello da Xunta busca seguir potenciando o Xeoparque Mundial Montañas do Courel aprobado pola Unesco***
- ***O concello beneficiarase de novas axudas públicas e accións de promoción, ao que se suma o Plan de dinamización turística que impulsa o Goberno galego***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración do concello lucense de Folgoso do Courel como novo municipio turístico dentro da súa estratexia de potenciación do rural. Grazas a esta decisión, Folgoso do Courel poderá beneficiarse das axudas públicas deseñadas especialmente para este tipo de municipios, un aspecto que tamén repercutirá positivamente na elaboración dos plans e programas turísticos, nas actividades dirixidas á promoción interior e exterior e ao fomento da imaxe de Galicia, entre outras.

Esta medida súmase á batería de apoios que o Goberno galego vén dedicando ao desenvolvemento do xeodestino Ancares-Courel, que precisamente foi a comarca da Comunidade na que máis medrou o turismo en 2019, cun incremento do 25 % no número de pernoctacións. Esta cifra rexístrase no mesmo ano en que a Unesco aprobou o Xeoparque Mundial Montañas do Courel, un recoñecemento ao seu patrimonio xeolóxico.

Galicia suma xa 49 municipios turísticos, e é a provincia de Lugo, con 15, a que máis reúne. Séguelle A Coruña, con 13; Pontevedra, con 11; e Ourense, cun total de 10. Esta ferramenta forma parte da estratexia para potenciar o turismo rural, que na última década foi quen de aumentar case un 30 % o número de viaxeiros, ata superar os 228.000. Ademais, Galicia foi a Comunidade en que máis medrou a ocupación das casas rurais en 2019.

Máis de 150.000 € de investimento

Entre as axudas ás que Folgoso do Courel poderá optar como municipio turístico atópanse as destinadas á contratación de persoal nas oficinas de turismo. Trátase dunha convocatoria aberta na actualidade e dotada con 450.000 euros, un 50 % máis que en 2019. Grazas a este incremento, será posible ampliar o período de traballo destes profesionais nun mes, desde maio ata setembro e incrementar a contía máxima dispoñible para cada concello.

Folgoso do Courel, xunto cos concellos de Quiroga e Ribas de Sil, conta cun importante patrimonio xeolóxico incluído no Xeoparque Mundial Montañas do Courel, unha candidatura que contou co apoio económico da Xunta. Tras a súa consecución, neste momento estase a elaborar un Plan de dinamización turística, a través do Centro de Estudos e Investigación Turísticas (Cetur) da Universidade de Santiago, para consolidar o xeoparque como elemento vertebrador, que dea visibilidade e potencie o desenvolvemento local. O obxectivo final é atraer investimentos e diversificar a actividade económica no medio rural, compaxinando a oferta do patrimonio xeolóxico xunto con outros aspectos culturais e turísticos.

Os investimentos da Xunta nesta materia superan na zona os 150.000 euros, tendo en conta tamén as achegas para actividades de promoción do xeodestino Ancares-Courel, así como para a ampliación do Museo Xeolóxico Municipal de Quiroga ou a sinalización de recursos, coa instalación de carteis informativos en puntos específicos deste xeparque para convertelos na imaxe icónica do conxunto.

Patrimonio xeolóxico e cultural

Á hora de conceder a declaración a Folgoso do Courel, tívose en conta a Lei/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que regula nos artigos 27 a 30 a declaración de municipios turísticos, os servizos mínimos destes, así como os efectos da citada declaración e a perda de condición de municipio turístico. Tamén se seguiron os criterios indicados no Decreto 32/2015, do 19 de febreiro, polo que se regula a declaración destes municipios.

Neste contexto, a declaración aprobada hoxe facilitará que Folgoso do Courel poida contar a partir de agora con máis recursos que permitan seguir poñendo en valor atractivos turísticos como os seus 69 elementos arqueolóxicos, 52 recursos arquitectónicos, cinco conxuntos históricos, 76 elementos etnográficos, así como os seus múltiples recursos naturais.

No informe que avala esta declaración destacan tamén a casa natal de Uxío Novoneyra, sede da Fundación Uxío Novoneyra, o acueduto e a ponte romana de Lousadela, o castelo do Carbedo, as mámoas, castros, necrópoles, minas de ouro e de ferro ou a Aldea de Seceda e a Aldea de Froxán, declaradas bens de interese cultural, así como o Xeparque Mundial do Courel, declarado pola Unesco, con soutos de castiñeiros cuxo produto local deu lugar á celebración da Festa da Castaña do Courel, de interese turístico de Galicia.

A XUNTA ULTIMA O DECRETO QUE SIMPLIFICARÁ E AXILIZARÁ OS MÁIS DE 100.000 APROVEITAMENTOS FORESTAIS QUE CADA ANO SE FAN EN GALICIA

- ***O Consello do Goberno galego deu o seu visto e praxe, para a súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia, a unha norma que regula os aproveitamentos forestais madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes de xestión privada da nosa comunidade***
- ***A nova disposición supón un importante desenvolvemento da Lei de montes de Galicia e regula a autorización única para os aproveitamentos por parte da Consellería do Medio Rural***
- ***Acúrtase ata un máximo de dous meses a tramitación e ampliáanse os supostos de declaración responsable, o que permite realizar o aproveitamento desde o momento da súa presentación***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a remisión ao Consello Consultivo de Galicia do decreto polo que se regulan os aproveitamentos forestais madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes de xestión privada de Galicia. Esta norma beneficiará os titulares tanto dos terreos como dos aproveitamentos, xa que redundará nunha simplificación dos trámites e nunha axilización e redución dos prazos, o que proporcionará maior seguridade xurídica aos cidadáns.

Por outra banda, cómpre destacar que no novo decreto se regula por primeira vez o aproveitamento de resina, que está tendo nos últimos anos un forte pulo e que está moi ligado á fixación de poboación no rural. Ao tratarse dun aproveitamento en constante evolución, facilita tamén as accións de formación e investigación.

En particular, este decreto -que supón un importante desenvolvemento da Lei de montes de Galicia- regula a autorización única para os aproveitamentos. Desta forma, será a Consellería do Medio Rural a que solicite e valore os informes preceptivos dos distintos organismos da Xunta e emita unha única autorización, nun prazo máximo de dous meses, con silencio positivo.

Este réxime esténdese, así mesmo, a outras administracións, sempre que exista convenio con elas. Actualmente, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil ten subscrito un convenio que permite ao administrado realizar soamente o trámite coa Xunta de Galicia e obter autorización deste organismo estatal. Vaise traballar, ademais, na sinatura de novos convenios con outros organismos, como as confederacións hidrográficas do Douro e do Cantábrico, con esta mesma finalidade. Isto funcionará, na práctica, como unha “xanela única” para os cidadáns, que non terán que multiplicar trámites e papelame con diferentes administracións para xestionar os aproveitamentos.

Trámite inmediato

Nesta liña, con esta norma consolídase a declaración responsable como réxime de intervención administrativa principal, un trámite que habilita para realizar o aproveitamento

desde o mesmo momento da súa presentación, de maneira inmediata. A maiores, coa publicación deste decreto desenvólvese regulamentariamente a dita tramitación mediante declaración responsable de aproveitamentos antes suxeitos a autorización administrativa, ao abeiro da aprobación de pregos coas condicións sectoriais polas consellerías competentes. Amplíanse así os supostos de declaración responsable, o que se estima que permitirá a presentación de 15.000 declaracións responsables que antes debían tramitarse como autorización.

Información xeolocalizada

Un elemento esencial na simplificación administrativa das cortas é a información xeolocalizada que, conforme a Lei de montes de Galicia, elaboraron as distintas consellerías con competencias sectoriais, para facilitar que se coñeza cando os montes ou terreos forestais forman parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección ou cando están afectados por algunha lexislación de protección do dominio público, a prol da preservación dos seus valores culturais, naturais e paisaxísticos.

Con este decreto dáse cumprimento ás medidas forestais do ditame da Comisión especial do Parlamento galego, no que atinxe á simplificación normativa, á concordancia entre a lexislación española e galega e ao impulso do desenvolvemento regulamentario da Lei de montes de Galicia.

A norma integra plenamente os aproveitamentos forestais no Sistema de información e estatística forestal de Galicia, como mecanismo que permita facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresariais relacionadas co sector forestal, unha medida tamén incluída no devandito ditame. Así, o decreto recolle este mandato e simplifica e axiliza a tramitación dos máis de 100.000 expedientes que cada ano se tramitan en Galicia. Deles, arredor dun 60 % son declaracións responsables e o resto, solicitudes de autorización. Respecto da legalidade da madeira, o decreto simplifica o procedemento para facer constar a cantidade verdadeiramente aproveitada, facilitando a obtención de datos fiables dos aproveitamentos madeireiros e permitíndolles aos operadores obter a acreditación do seu sistema de dilixencia debida individual.

De xeito paralelo á tramitación deste decreto, estase traballando no desenvolvemento de dúas novas aplicacións informáticas para a xestión dos procedementos recollidos nel. Estas aplicacións son dúas. Por un lado, a chamada Corweb (que estará dentro da sede electrónica da Xunta), coa cal o administrado poderá, nunha contorna progresiva e amigable, facer a súa solicitude. Por outra banda, a denominada Corpri, que lle permitirá ao persoal da Xunta tramitar os expedientes internamente, con control total e sen empregar papel en todo o proceso.

A XUNTA DECLARA A ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DA RIBEIRA SACRA, QUE COMPRENDE 25 CONCELLOS DAS PROVINCIAS DE OURENSE E LUGO

- ***Ao abeiro desta ARI, os propietarios de vivendas poderán recibir ata 16.000 euros por actuación para a rehabilitación de vivendas***
- ***Os concellos poderán recibir 2.000 euros por cada vivenda rehabilitada para destinalos a actuacións de urbanización e reurbanización***
- ***Un 40 por cento das vivendas que se integran no ámbito da ARI necesitan actuacións de rehabilitación e mellora***
- ***A primeira convocatoria de axudas prevese para o mes de abril e estará dotada cun millón de euros***

A Ribeira Sacra é a nova área de rehabilitación integral de carácter supramunicipal que se declara en Galicia, xunto coa ARI dos Camiños de Santiago e a ARI do Parque Nacional das Illas Atlánticas. O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, informou desta decisión tras coñecer o informe presentado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A área de rehabilitación da Ribeira Sacra comprende un total de 25 concellos das provincia de Lugo e Ourense, que son: Bóveda, Carballedo, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Chantada, Esgos, Manzaneda, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil, Paradela, A Peroxa, A Pobra de Trives, A Pobra de Brollón, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober, Taboada, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo. No seu conxunto, os 25 concellos que conforman esta área de rehabilitación teñen un total de 433 parroquias, cunha superficie total de 2.990 quilómetros cadrados.

Os obxectivos específicos da declaración desta ARI son a mellora das vivendas situadas nas parroquias e nos seus núcleos de poboación, que presentan edificacións en estado de abandono ou sen un mantemento adecuado, así como a mellora das instalacións públicas, vías de comunicación e dos espazos de relacións.

O territorio da Ribeira Sacra caracterízase por ser disperso e contar con moitas vivendas susceptibles de rehabilitación, así como polas carencias de accesibilidade nos espazos públicos. Neste territorio está a producirse unha degradación paulatina en determinadas vivendas, o que require unha intervención que teña como finalidade a realización conxunta das seguintes actuacións:

- A rehabilitación e renovación en edificios e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares para a mellora funcional, a conservación e o mantemento, co fin de adecualas aos estándares previstos pola normativa vixente.
- A mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade.
- A mellora das condicións de seguridade de utilización e da accesibilidade en edificios e vivendas.

- Aumento da ocupación dos edificios e vivendas e a mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- A mellora das instalacións públicas de auga e enerxía, e mellora na conexión das redes de datos.
- A mellora da calidade do medio urbano: mellora dos accesos ás vivendas, a realización de traballos de mantemento, consolidación, pavimentación de vías e instalación de mobiliario público.

Segundo o estudo previo realizado para a declaración desta ARI, o 60 por cento das vivendas do seu ámbito teñen un estado bo ou suficiente, mentres que un 35 por cento se encontran en estado regular-malo ou malo e o 5 por cento restante en estado ruinoso.

Ao abeiro da área de rehabilitación integral, a Xunta de Galicia concederalles axudas aos propietarios das vivendas para a súa rehabilitación e aos concellos para a realización de obras de urbanización e reurbanización no ámbito da ARI.

Os propietarios das vivendas poderán obter ata un máximo de 16.000 euros por actuación, mentres que as axudas aos concellos están condicionadas polo número de vivendas que se reabiliten no seu ámbito, e recibirán ata 2.000 euros por vivenda rehabilitada.

O obxectivo inicial da ARI é a rehabilitación de polo menos 2.000 vivendas durante os dez primeiros anos da súa vixencia, á parte das obras de urbanización e reurbanización que realicen os concellos. Os fondos que se destinen á ARI por parte da Xunta de Galicia iranse reaxustando cada ano en función da demanda de axudas que se rexistre.

Ao se tratar dunha área de rehabilitación supramunicipal, a súa xestión corresponderalle ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, como xa sucede nas ARI dos Camiños de Santiago e das Illas Atlánticas. Unha vez declarada a ARI, será a Xunta a encargada de realizar as xestións necesarias para a sinatura do acordo de cofinanciamento do Ministerio. O obxectivo é que o acordo se asine no mes de marzo e a primeira convocatoria de axudas, dotada cun millón de euros, se poida facer pública no mes de abril.

Plan estratéxico da Ribeira Sacra

A declaración desta ARI é unha das medidas que recolle o Plan estratéxico de actuación ambiental e ordenación urbana na Ribeira Sacra, impulsado pola Xunta de Galicia, que implica a execución dun paquete de actuacións ambientais e de ordenación do medio físico na Ribeira Sacra, e ao cal se destinan algo máis 3,5 millóns de euros.

Grazas a este plan, mellorarase a planificación e a protección deste territorio a nivel paisaxístico, urbanístico e ambiental, regulando tamén a intervención nel, ao tempo que sirve de apoio á dobre candidatura da Ribeira Sacra a ser declarada como reserva da biosfera e patrimonio mundial da humanidade.

Entre as medidas destacadas están a elaboración dun Plan de ordenación do medio físico para San Fiz de Asma, a reformulación das áreas de especial interese paisaxístico ou actuacións ao abeiro do Plan hUrbe.

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE LUZ VERDE AO INICIO DA TRAMITACIÓN URBANÍSTICA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES INTERMODAL DA CORUÑA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 17,5 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Goberno galego tramitará o proxecto da estación de autobuses a través da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, que permitirá acurtar os prazos do procedemento***
- ***Esta tramitación desenvolverase nun período duns 8 meses, coa previsión de poder licitar a finais deste ano as obras, cuxo prazo de execución é de 18 meses***
- ***A nova terminal de autobuses, co aparcadoiro que financiará o Concello da Coruña, será executada pola Xunta***
- ***A infraestrutura, que se construírá entre a avenida da Sardiñeira e as vías ferroviarias, albergará no nivel superior o edificio de viaxeiros e as dársenas e no inferior, a área de comunicación coa estación de tren e o acceso ao aparcadoiro***
- ***O aparcadoiro, situado baixo a zona de dársenas e o edificio de viaxeiros, disporá dunhas 325 prazas de estacionamento***
- ***A Xunta segue a avanzar para dotar a cidade dun complexo intermodal, que integrarán esta nova estación de autobuses, a terminal de ferrocarril remodelada e os correspondentes accesos urbanizados***
- ***A remodelación da estación de ferrocarril, que lle corresponde acometer a Adif, está pendente da autorización en Consello de Ministros para iniciar a licitación***
- ***A intermodal complétase coa mellora dos accesos, que deberá executar o Concello, cuxo proxecto está pendente da súa aprobación***

O Consello da Xunta dálle luz verde ao inicio da tramitación urbanística para avanzar no proxecto da terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña, na que se prevé un investimento autonómico de case 17,5 millóns de euros.

O Goberno galego xa dispón do proxecto básico finalizado e está a redactar o proxecto de execución da nova estación de autobuses.

Neste sentido, o informe ratificado polo Consello da Xunta outórgalle viabilidade a un proxecto que, ao ser tramitado a través da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, permitirá acurtar os prazos do procedemento.

Así, esta tramitación desenvolverase ao longo dun período duns 8 meses, coa previsión de poder licitar a finais deste ano as obras, cuxo prazo de execución é de 18 meses.

A nova terminal de autobuses, que inclúe ademáis un aparcadoiro que financiará o Concello da Coruña, será executada pola Xunta, e, en total, suporá un orzamento de 27,4 millóns de euros, dos cales o Goberno galego achegará case 17,5 millóns.

A estación situarase encostada á terminal de ferrocarril, no espazo existente entre a avenida da Sardiñeira e as vías ferroviarias.

A infraestrutura, no seu nivel superior, albergará a terminal de autobuses, composta polo edificio de viaxeiros e a zona de dársenas. Neste nivel atópase tamén a pasarela peonil de comunicación coa avenida do Ferrocarril.

Nun nivel inferior da terminal, situaranse a zona de comunicación coa estación de ferrocarril e o acceso ao aparcadoiro, o cal se proxecta tamén a esta cota.

O edificio de viaxeiros organizarase arredor dun espazo de circulación e espera, no que se dispoñen diferentes estancias como despachos de billetes, a cafetería, os aseos ou a sala para o control e funcionamento.

Desde este edificio accédese directamente á zona das dársenas, dezaioito en total, distribuídas arredor dunha plataforma central de circulación peonil.

O aparcadoiro, situado baixo a zona de dársenas e o edificio de viaxeiros, disporá dunhas 325 prazas de estacionamento.

Os autobuses accederán por un ramal da glorieta que se construírá na avenida da Sardiñeira, desde o cal se poderán dirixir ben á zona de dársenas ben ao aparcamento.

O Executivo autonómico segue a avanzar para dotar a cidade da Coruña dun complexo intermodal, que integrarán esta nova estación de autobuses, a terminal de ferrocarril remodelada e os correspondentes accesos.

A remodelación da estación de ferrocarril correspóndelle a Adif, que dispón do proxecto aprobado, pero está pendente a súa autorización en Consello de Ministros para poder iniciar a licitación.

Esta intervención tamén inclúe unha pasarela peonil que, ademais de actuar como unha das conexións intermodais, conectará a avenida Sardiñeira coa do Ferrocarril, contribuíndo á unión do conxunto urbanístico e á súa integración na contorna.

Ademais, este conxunto complétase coa mellora e urbanización do acceso norte desde a avenida de Arteixo, a través da avenida Sardiñeira, que se converterá nun bulevar no que gañará de xeito moi significativo o espazo reservado para o viandante e a avenida do Ferrocarril, na cal se concentrarán as paraxes dos autobuses urbanos e metropolitanos.

Esta actuación nos accesos á estación intermodal, que lle corresponde ao Concello da Coruña, conta co proxecto redactado e está pendente da súa aprobación.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



A XUNTA DESTINARÁ 27 M € PARA APOIAR O EMPREGO DE 3500 PERSOAS

- ***No que vai de ano a Xunta xa activou cinco convocatorias de axudas e dous premios que suman 7 M €***
- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria porá en marcha o mes que vén o Catálogo de entidades de economía social e avanzará na modernización dos rexistros para axilizar os seus trámites de constitución e funcionamento***
- ***Xa está aberto o prazo de solicitude para o novo programa para o deseño de itinerarios personalizados de inserción dirixidos a 500 persoas perceptoras da Risga***
- ***O pasado ano concedéronse 23 M € en axudas que permitiron a inserción laboral e mantemento do emprego de preto de 3500 persoas; o asesoramento especializado a 111 grupos promotores e a participación de 5600 alumnos en accións formativas***
- ***Grazas ao labor de fomento realizado, en 2019 creáronse 110 cooperativas -a cifra máis alta desde a aprobación da Lei de cooperativas de Galicia no ano 1998- e outras 40 entidades entre sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción***

A Xunta destinará este ano 27 millóns de euros para promover o modelo de Economía Social, un 17 % máis que en 2019, e posibilitar a inserción laboral ou mantemento do emprego de 3.500 persoas.

No que vai de ano a Consellería de Economía, Emprego e Industria xa activou 7 M € correspondentes a cinco convocatorias de axudas e dúas de premios cuxo prazo de solicitude continúa aberto. Trátase, en concreto, do programa Aprox Economía social, que ten como obxectivo apoiar 110 cooperativas ou sociedades laborais para a incorporación de 280 persoas socias cun investimento de 3 M €. Tamén se destinan 400.000 euros ás axudas a empresas de inserción para apoiar o emprego de 60 persoas con dificultades para acceder ao mercado laboral; e 0,6 M € para apoiar As entidades colaboradoras da Rede Eusumo na realización de actividades para o fomento do cooperativismo e da economía social. Outros 300.000 euros están reservados para axudas para o funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción.

A principal novidade deste ano é unha iniciativa que apoiará entidades sen ánimo de lucro con experiencia en programas de inserción para o deseño de proxectos de capacitación para o emprego dunha duración mínima de dous anos, que terán como finalidade a elaboración e implementación de itinerarios personalizados para facilitar a inserción laboral de persoas perceptoras da Risga ou integrantes da súa unidade familiar. Destínanse 3 M €, co obxectivo de atender 500 persoas.

A estas convocatorias súmanse tanto os premios á cooperación que cada ano recoñecen o labor das cooperativas, como o certame de Cooperativismo no ensino. Proximamente, uniranse a estas convocatorias outras axudas dirixidas aos centros especiais de emprego,

aos laboratorios cooperativos no rural, así como programas de impulso á transformación e consolidación e actividades de visibilización, promoción e difusión.

Por outra banda, entre os obxectivos máis inmediatos destaca a posta en marcha, o vindeiro mes, do Catálogo de entidades da economía social, que recollerá todas as entidades deste sector que figuran inscritas e activas nos diferentes rexistros administrativos a través dunha aplicación informática con acceso en liña que permitirá tanto a consulta como a modificación de datos por parte de usuarios autorizados. Ademais, tamén se seguirá avanzando na modernización dos rexistros actuais co obxectivo de axilizar os trámites relativos á constitución e funcionamento das cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción.

Todas estas actividades van orientadas a visibilizar a economía social baixo calquera das súas fórmulas: cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego ou empresas de inserción; pero tamén outras fórmulas relevantes no tecido socioeconómico de Galicia, como as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación, as comunidades de montes ou as asociacións ou fundacións con actividade económica. Todas contribúen á cohesión social, á integración, á igualdade, ao emprego de calidade e ao fortalecemento do rural galego, polo que son o obxecto de especial interese da Xunta.

Balance 2019

A Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu, o pasado ano, un total de 23 M € en axudas para a economía social. Grazas a este labor de impulso, consolidouse este tecido sumando 110 novas cooperativas -a cifra máis alta desde a aprobación da Lei de cooperativas de Galicia en 1998-; e outras 40 entidades entre sociedades laborais (33), centros especiais de emprego (5) e empresas de inserción (2). Así, Galicia conta na actualidade con máis de 3000 entidades activas nun sector que dá emprego directo a case 25.000 persoas. Os apoios concedidos permitiron a inserción laboral ou mantemento do emprego de preto de 3500 persoas, o asesoramento a 111 grupos promotores ou a participación de 5600 persoas en accións formativas e xornadas de divulgación.

Ao longo do 2019 tamén se acadaron outros importantes fitos como a constitución do Consello da Economía Social de Galicia, órgano consultivo e asesor do cal forman parte as entidades, as administracións autonómica e locais, as universidades e as organizacións empresariais e sindicais. Tamén se puxo en marcha a aceleradora en economía social e Galicia foi designada Rexión amiga da economía social. Por outra parte, empezou a funcionar o innovador programa de formación dual para centros especiais de emprego para mellorar a inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual, para o que se concederon 2 M €.

Deste xeito, a Xunta continúa avanzando na súa Estratexia galega de economía social que, entre 2019 e 2021, impulsará 25 medidas co obxectivo de xerar novos empregos e entidades no sector sumando capacidades, sustentabilidade e identidade, e contribuíndo á visibilización e promoción dos valores da economía social como motor de crecemento económico e sustentable, de calidade e integrador.

A XUNTA IMPULSA A UTILIZACIÓN DA MADEIRA PARA ACONDICIONAR CONSULTAS E SALAS DE ESPERA DOS CENTROS DE SAÚDE PÚBLICOS

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), colabora co Servizo Galego de Saúde (Sergas) na realización destas actuacións, que se desenvolverán preferentemente nos espazos de pediatría de atención primaria***
- ***Búscase así favorecer o benestar dos usuarios ao tempo que se promove a utilización deste material autóctono e sustentable***
- ***O acondicionamento da área da muller e do neno do centro de saúde Concepción Arenal de Santiago de Compostela será o primeiro proxecto que se poña en marcha grazas a esta cooperación***
- ***Ao longo deste ano, o obxectivo é remodelar con madeira as zonas de pediatría de sete centros de atención primaria, cun investimento de arredor de 240.000 euros***
- ***O acordo tamén prevé utilizar a madeira como elemento estrutural na construción de novos edificios***
- ***A iniciativa enmárcase na Axenda da industria forestal, á cal se destinan 54 M€ para conseguir que a madeira e os produtos derivados dela actúen como elemento central do impulso da bioeconomía***

A Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) colaborará co Servizo Galego de Saúde (Sergas) para impulsar a utilización de madeira no acondicionamento de consultas e salas de espera dos centros de saúde públicos, especialmente nas zonas de pediatría, co obxectivo de favorecer o benestar dos usuarios ao tempo que se promove a utilización deste material autóctono e sustentable. O protocolo que van asinar a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Sanidade prevé tamén utilizar a madeira como elemento estrutural na construción de novos edificios.

O acondicionamento da área da muller e do neno do centro de saúde Concepción Arenal de Santiago de Compostela será o primeiro proxecto que se poña en marcha grazas a esta cooperación. Ao longo deste ano, o obxectivo é remodelar con madeira os espazos de pediatría de sete centros de atención primaria, un en cada cidade galega, cun investimento de arredor de 240.000 euros.

Grazas ao acordo do que hoxe se informou no Consello da Xunta, Xera porá á disposición do Sergas o coñecemento do centro tecnolóxico CIS Madeira e achegará tamén parte do financiamento das actuacións que se desenvolvan, ao ser a potenciación da construción con madeira un dos ámbitos de actuación prioritarios previstos na Axenda de impulso da industria forestal 2019-2021. Esta folla de ruta, ademais de fomentar o uso da madeira –sobre todo local– na construción, aposta por seguir impulsando o sector *contract* galego, e por introducir na Comunidade, de maneira decisiva, novos modelos de edificación sustentable.

Neste eido, a Xunta colabora ademais co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) mediante un convenio para pór en valor a madeira estrutural como material de calidade alternativo na construción a través do deseño de actuacións conxuntas para difundir as súas vantaxes sociais, ambientais e económicas; colaborar na transferencia de coñecemento mediante o asesoramento mutuo; e favorecer a formación e divulgación de produtos. E, en cooperación coa Plataforma da enxeñería da madeira estrutural (Pemade) da Universidade de Santiago de Compostela, pónense en valor as especies forestais de crecemento en Galicia e a promoción da utilización da madeira na construción.

Pola súa banda, a Administración autonómica tamén está a dar exemplo coa utilización da madeira no novo punto de atención continuada (PAC) da Laracha, a escola infantil da Galiña Azul da Estrada ou o futuro centro de saúde do Porriño, ademais das actuacións realizadas nas instalacións da Xunta en San Caetano.

A Axenda de impulso da industria forestal galega conta cun orzamento de 54 millóns de euros para favorecer a modernización deste tecido empresarial, atender as demandas actuais e contribuír á construción dunha sociedade saudable, baixa en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais. Trátase de conseguir, en definitiva, que a madeira e os produtos forestais actúen como o elemento central de impulso á bioeconomía.

Neste contexto, a industria forestal galega continúa a crecer e así, en 2018, a facturación ascendeu ata os 2300 millóns de euros, un 2 % máis que no ano 2017. Ademais, o emprego medio na cadea forestal aumentou un 4,8 % respecto a 2017, contando con case 22.000 asalariados directos.

EN GALICIA O 96,5 % DAS ZONAS DE BAÑO DO CENSO OFICIAL CONTARON CUNHA CLASIFICACIÓN SANITARIA EXCELENTE OU BOA DURANTE 2019

- ***O 86,7 % das zonas de baño considéranse excelentes; trátase da mellor clasificación desde que se comezou a empregar o sistema de cálculo da clasificación sanitaria actual***
- ***En total, revísanse 493 zonas de baño con 510 puntos de mostraxe que se atopan en 116 concellos***

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou o informe final sobre o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño 2019. En Galicia, as zonas de baño con clasificación excelente ou boa supoñen o 96,5 % de todas as zonas de baño que forman parte do censo. Almuiña destacou que, en xeral, se observa unha tendencia á mellora na calidade das augas de baño tempada a tempada ao aumentar a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e diminuír aquelas con clasificación sanitaria insuficiente. En total, revisáronse 493 zonas de baño con 510 puntos de mostraxe que se atopan en 116 concellos. O ano 2019 foi a tempada con máis puntos de mostraxe en que facer as analíticas.

En concreto, o 86,7 % obtivo unha clasificación excelente. Trátase da mellor clasificación desde 2011, cando se situou no 70,7 %, e que é o ano en que se comezou a empregar o sistema de cálculo da clasificación sanitaria actual adaptado á normativa europea. Ademais, o 9,8 % das zonas obtiveron unha clasificación de boa e o 2,3 %, unha clasificación de suficiente.

Durante a tempada 2019, só no 1,2 % dos puntos de mostraxe analizados se encontrou unha clasificación insuficiente. Isto significa que durante a tempada 2020 se deberá prohibir o baño nestas zonas ou recomendar non facelo.

A vixilancia sanitaria realizouse no 100 % dos puntos de mostraxe censados e realizáronse o 100 % dos controis programados. Todos os episodios de contaminación foron comunicados aos concellos implicados.

Esta vixilancia é importante porque o uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde dos usuarios. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño.

Desenvolvemento do programa

Cada tempada, elabórase un censo oficial de zonas de baño. A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A tempada de baño establécese, con carácter xeral, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro de cada ano. A vixilancia sanitaria das zonas de baño establécese mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo. Recóllense en total 10 mostras de cada zona de baño, unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta, cunha periodicidade aproximadamente quincenal.

Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos enterococos intestinais e *Escherichia coli*. Ao final da tempada, cos resultados obtidos calculouse a clasificación sanitaria de cada zona de baño mediante o sistema descrito na Directiva 2006/7/CE. Tamén se leva a cabo, en coordinación coas administracións competentes, a xestión do risco para a saúde derivado da exposición ás cianobacterias e ás súas toxinas nos encoros con zonas de baño.

Desde o inicio da tempada, informouse da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública e no mapa de zonas de baño de Galicia. Ao final da tempada, os resultados microbiolóxicos foron introducidos no Sistema de información nacional de augas de baño (Náyade), que pode consultar toda a poboación a través do acceso ao cidadán.

Unha vez calculada a clasificación sanitaria final de cada zona de baño, publícase tamén na páxina web da Dirección Xeral. Deste xeito, facilítase que todos os usuarios e usuarias das zonas de baño teñan información suficiente e facilmente dispoñible sobre a calidade das augas de baño.